


O SOÑO DUNHA NOITE DE SAN XOÁN

(Baseada na obra *O soño dunha noite de verán* de W. SHAKESPEARE)



Esta é a unidade didáctica sobre a película *O soño dunha noite de San Xoán*. Está realizada co obxectivo de que o profesorado despois de ver a película poida traballar algo dela na clase. O profesorado, en función da diversidade do alumnado, poderá crer necesaria a reformulación dalgunhas das preguntas, así como a eliminación ou o engadido doutras que pensen que poidan ser de utilidade para o seu alumnado.

Gustaríanos coñecer as modificacións que se fagan, xa que isto pode sernos de utilidade para a elaboración de próximas unidades. Podedes enviar ditas modificacións a ofi.normalizacion@vigo.org
Grazas.

Resumo da película

Din as lendas que unha noite ao ano, no San Xoán, os humanos poden acceder ao Mundo Máxico. Helena, intelixente pero pouco soñadora, non cre en contos. Pero cando cae enfermo o seu pai, o duque Teseo, ela está disposta a calquera cousa para lle devolver a ilusión; mesmo a ir na procura de Titania, raíña das fadas. Non obstante, o Mundo Máxico xa non é o que era, pois malgobérnao o rei Oberón, quen comercia cos feitizos axudado polo trasno Perecho.

O alumnado debe coñecer...

Que é unha lenda?

As **lendas** son narracións, orais ou escritas que parecen historias reais pero que teñen, en maior ou menor proporción, elementos fantásticos de tipo mitolóxico ou imaxinativo.

Que é a noite de San Xoán?

A noite de San Xoán é unha das festas máis ricas en lendas, supersticións e costumes que agocha a nosa cultura. Antes tratábase dunha crenza popular na que os espíritos do mal actuaban na escuridade con obxectivos malévolos na procura dalgunha vítima.

Coincide co día no que o Sol está máis tempo a brillar no ceo. Débese a que a terra xira ao redor do Sol e unhas veces atópase máis preto del ca outras. Este fenómeno natural é coñecido como «solsticio de verán». A partir dese día a claridade do Sol vai diminuíndo pouco a pouco ata o solsticio de inverno o día de San Silvestre. Entón o Sol vai cada día iluminando un pouco máis e así repítese todos os anos o mesmo ciclo.

Na película aparecen personaxes que pertencen a outro mundo. Os **personaxes do Mundo Máxico son:**

- As fadas: criaturas fantásticas, normalmente en forma de muller moi fermosa, que protexen a natureza. A maioría teñen ás coas que poden voar. Poden ser fadas boas ou fadas malas. Existe unha lenda que di que moitas das fadas eran mulleres que foron encantadas e o único xeito de desencantalas é na noite de San Xoán.



- Os trasnos: seres fantásticos que viven con nós nas casas. Non son malos, máis ben son trastes. Ás veces incluso axudan nos labores do fogar, pero o que si son é moi burlóns e andan sempre a xogar e rir dos humanos que non podemos velos. Agochan as cousas para que non as atopemos, argallan para facer que rompa a louza, etc.



PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

1. Saberiades dicir o nome dos personaxes que aparecen nas seguintes imaxes? Lembrádevos dalgún personaxe máis? Animádevos a caracterizalos: a que se dedicaban, que relación tiñan con outros personaxes, se vivían no Mundo Máxico ou en Oniria, etc.

a)



b)



c)



d)



e)



f)



g)



h)



2. Na película aparecen uns homes cuns nomes moi curiosos: Ganduxo, Caldeireta, Remendafoles e Berbequí. Estes nomes teñen relación con características dos homes. Sabes dicir a que se dedica cada un?



3. Coñeces os nomes doutras profesións?

4. Cando é o San Xoán?


5. Coñeces algún dito ou refrán sobre a noite de San Xoán?

6. Na película, antes do ocaso deben saír do Mundo Máxico ou quedarán pechados nel. Ata cando poden saír do Mundo Máxico?

7. Coñeces máis nomes das partes do día?

8. Lembras o que cantaban os músicos do Mundo Máxico?

9. Os músicos representaban instrumentos animados. Lembras algún?



RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS SOBRE A PELÍCULA

1.

- a) Perecho.
- b) Lisandro.
- c) Demetrio.
- d) Duque Teseo.
- e) Titania.
- f) Elena.
- g) Rei Oberón.
- h) Mostaza.

2.

Ganduxo é o xastre. «Ganduxo» é o nome que se lle dá a aquelas puntadas longas que os xastres e as costureiras empregan para fixar a tea para logo poder cosela sen que esta se mova.

Caldeireta é o cociñeiro. Unha «caldeireta» é un recipiente de lata ou aluminio cunha asa e unha tapadeira, que normalmente se utilizaba para transportar o leite.

Remendafoles é o zapateiro. «Remendafoles» é unha palabra composta por outras dúas, «remendar» e «fol». O «fol» pode ser ou ben unha saquiña de coiro para gardar cousas, ou ben un aparello que sopra aire, por exemplo para facer música ou para soprar ao lume, pero de coiro. Eran os zapateiros os que traballaban o coiro e facían estas pezas.

Berbequí é o carpinteiro. Un «berbequí» é unha ferramenta que os carpinteiros empregan para facer buratos na madeira.

3.

Cesteiros, oleiros, redeiros, peixeiros, etc.

4.

O San Xoán é o día 24 de xuño. Este día hai luz do Sol durante máis tempo e coincide co solsticio de verán. A noite do San Xoán está chea de crenzas e supersticións, e son moi importantes nesta noite elementos como o lume (nas cacharelas) ou as herbas (por exemplo, a herba de namorar que ten o rei Oberón).

5.

No San Xoán, xa a sardiña molla o pan.

O que fai xaxún por san Xoán, ou é parvo ou non ten pan.

En San Xoán, as bruxas fuxirán.

Sálvame lume de San Xoán, para que non me trabe, nin cadela nin can.

Na fogueira de San Xoán, todos caen ao chan.

A noite de San Xoán, pasaralo ben, e o día seguinte, mal.

Na noite de San Xoán, non te deites ata a mañá.

Polo San Xoán, come moito e sobre todo pan.

6.

Teñen que saír do Mundo Máxico antes do ocaso, que é a parte do día cando o Sol se pon e comeza a chegar a noite.

7.

A mañá, o mediodía, a tarde, o serán, a noite, a alba, o amencer, o solpor, o luscofusco, etc.

8.

«Tempo, falta pouco tempo,
non resta moito tempo para saír de aquí.»

9.

Vento (unha gaita, unha trompeta), percusión (un tamboril, un xilófono),
corda (un laúde, unha guitarra).